

DECLARACIÓN DE BRUXELAS

A sexta Conferencia da CALRE, celebrada os días 28 e 29 de outubro de 2002 en Bruxelas, estudou o funcionamento interno dos parlamentos e das rexións con competencias lexislativas e fixou a súa posición con respecto ás actividades da Convención europea. Con motivo da devandita convención, a CALRE actualizou o seu punto de vista acerca do futuro das institucións europeas e o papel das rexións con competencias lexislativas e os seus parlamentos.

1. Ratificación da declaración de Madeira do 30 de outubro de 2001

A CALRE ratifica as propostas da declaración de Madeira, aprobadas por unanimidade o 30 de outubro de 2001, e particularmente:

- a lexitimación das rexións con competencias lexislativas mediante a atribución dun estatuto especial nos tratados europeos;
- a potenciación do parlamentarismo en Europa e a participación dos parlamentos rexionais na colaboración que manteñen o Parlamento europeo e os parlamentos nacionais;
- a regulación dunha distribución precisa das competencias lexislativas atribuídas ao ámbito europeo e ao ámbito nacional ou infranacional;
- a atribución ás rexións con competencias lexislativas do dereito de apelación ante o Tribunal Europeo de Xustiza no caso de conflito de competencias;
- a potenciación do Comité das Rexións, a través dun estatuto institucional, unha organización mellor adaptada ás diferenzas existentes entre as diferentes institucións rexionais e a atribución ao devandito comité do dereito de apelación perante o Tribunal Europeo de Xustiza;
- a integración nos tratados europeos da Carta de dereitos fundamentais da Unión Europea, promulgada en Niza o 7 de decembro de 2000.

2. As resolucións da Conferencia de presidentes das rexións con competencias lexislativas

A CALRE aplaude as resolucións aprobadas pola Conferencia de presidentes das rexións con competencias lexislativas celebrada o 15 de novembro de 2001 en Liexa na medida en que asumen a declaración política formulada por 7 rexións constitucionais acerca da potenciación do papel das rexións constitucionais con competencias

lexislativas dentro da Unión Europea, declaración que foi asinada o 28 de maio de 2001 en Bruxelas^{1[1]} no sentido de:

- a potenciación do papel do Comité das Rexións no proceso de desenvolvemento político: o Comité das Rexións debe adquirir o estatuto de institución europea plena, polo que debe dispoñer de competencias políticas que vaian máis alá da súa función consultiva e contar co dereito a iniciar procesos perante o Tribunal Europeo de Xustiza;
- unha mellor participación dos parlamentos nacionais e rexionais no proceso político europeo e unha mellor relación co Parlamento europeo;
- a posibilidade de que as rexións constitucionais con competencias lexislativas se dirixan directamente ao Tribunal Europeo de Xustiza no caso de conflito de competencia.

A CALRE subscribe a declaración das rexións constitucionais europeas con competencias lexislativas do 15 de novembro de 2001 e a presentación de propostas institucionais.

No marco dun funcionamento coordinado, a CALRE desexa seguir de preto no futuro as conferencias e as reunións dos presidentes das rexións constitucionais con competencias lexislativas. O Comité Permanente da CALRE é o foro de encontro e cooperación entre a CALRE e o Comité da Conferencia de presidentes das rexións constitucionais con competencias lexislativas.

3. A CALRE e o Comité das Rexións

A CALRE toma boa nota de que

- no Consello Europeo de Liexa o Comité das Rexións foi invitado a participar como observador nas actividades da Convención europea cunha delegación de seis representantes;
- dentro do Comité das Rexións —único órgano consultivo que representa oficialmente ao ámbito rexional nas institucións europeas— as rexións con competencias lexislativas desempeñan funcións importantes e realizan achegas substanciais;
- o Comité das Rexións respecta a vontade de certo número de rexións con competencias lexislativas que desexan unha colaboración máis estreita e a harmonización da súa política europea, e invita ás devanditas rexións a integrar a súa colaboración dentro das estruturas do Comité^{2[2]}.

A CALRE desexa participar no debate, polo que aplaude a proposta do Comité das Rexións para participar activamente a través del nas actividades da Convención europea e na reflexión que debe realizarse ao redor do Libro branco sobre a gobernanza europea.

A CALRE considera que é a voceira dos parlamentos e das rexións con competencias lexislativas, así como a lexitimación democrática da colaboración informal habida entre

^{1[1]} Resolución "Cara á consolidación do papel das rexións con competencias lexislativas na Unión Europea, aprobada pola segunda Conferencia dos presidentes das rexións con competencias lexislativas o 15 de novembro de 2001 en Liexa.

^{2[2]} Declaración do Consello do Comité das Rexións do 26 de outubro de 2001 sobre "O papel das rexións con competencias lexislativas no proceso político común" (CDR 191/2001fin F/D/E/RB/SG/cg/cb/cg/ib/di/ib).

as rexións europeas con competencias lexislativas. En consecuencia, a CALRE propón a consolidación do devandito papel mediante a creación dunha estrutura que garanta a súa participación no funcionamento das rexións con competencias lexislativas no seo do Comité das Rexións.

A CALRE propón estruturar a colaboración co Comité das Rexións mediante a formalización dun acordo que estipule as modalidades de colaboración.

4. A CALRE e o Parlamento europeo

A CALRE toma boa nota da Resolución do Parlamento europeo do 2 de maio de 2002 acerca da delimitación de competencias entre os estados membros, así como da intención, contida no punto 40 da devandita resolución, de integrar no Regulamento do Parlamento europeo as disposicións necesarias para que os parlamentos rexionais con competencias lexislativas poidan dispoñer dunha representación propia regular no seo da Comisión competente en asuntos rexionais.

A CALRE desexa o reforzamento da colaboración entre os parlamentos das rexións con competencias lexislativas e o Parlamento europeo mediante a formalización dun protocolo entre o Parlamento europeo e a CALRE para a regulación das modalidades e a estrutura da colaboración. O devandito protocolo aplicaráselles aos parlamentos rexionais membros da CALRE que o ratifiquen.

5. Creación na CALRE dun grupo de traballo para o estudo do futuro de Europa

Co fin de apoiar o funcionamento da CALRE en relación coa Convención europea e permitir unha contribución substancial ao debate sobre a gobernanza europea e sobre o papel e lugar das rexións con competencias lexislativas nas futuras estruturas europeas, a CALRE crea un grupo de traballo, apoiado polas administracións e os servizos de estudo dos parlamentos representados nela. As funcións do devandito grupo de traballo serán:

- a canalización cara aos parlamentos rexionais da información relativa á Convención e á preparación da Conferencia Intergubernamental (CIG) de 2004;
- a preparación das posicións da CALRE nos debates actuais;
- a sensibilización dos parlamentos rexionais no referente ao funcionamento e ao papel dos parlamentos rexionais na toma de decisión europea.

6. Declaración sobre a Convención europea

Os presidentes das asembleas lexislativas rexionais europeas,

- Tendo en conta o debate existente actualmente no Parlamento europeo e na Convención europea sobre a distribución de competencias e o papel das rexións con competencias lexislativas e os seus parlamentos;
- Facendo fincapé na contribución que poden realizar os parlamentos rexionais ao achegamento das institucións da UE e os cidadáns, así como no interese dunha ampliación dos países comprometidos tamén no afianzamento da súa propia configuración rexional;

DECLARAN

- que é necesario recoñecer nun Tratado constitucional a identidade histórica, cultural, territorial, política e institucional das rexións e das súas autoridades, como principio básico da Unión Europea (artigo 6);
- que é ineludible consagrar formalmente, a través dos traballos da Convención, a garantía de mantemento e protección das condicións especiais de autonomía rexional recoñecidas actualmente por algúns estados membros, para salvagardar as autonomías históricas, as minorías nacionais e as especificidades xeográficas e culturais que constitúen o fundamento do patrimonio de liberdade e da tradición de autogoberno que inspira a Unión Europea;
- que é necesario atribuír dun xeito unívoco competencias partindo do principio de subsidiariedade, que establece os límites das competencias europeas. A devandita atribución garantirá o desenvolvemento autónomo das iniciativas rexionais e será un elemento esencial para a mellora do sentimento de pertenza dos cidadáns á Unión;
- que unha Unión ampliada pode funcionar mellor se está en condicións de afrontar os desafíos cunha dimensión completamente europea;
- que é importante asegurar o respecto ao principio de subsidiariedade, así como a distribución de competencias mediante un control político *ex ante*, que permita ao mesmo tempo unha participación dos parlamentos rexionais;
- que é necesario garantirlles ás rexións con competencias lexislativas o dereito a recorrer perante o Tribunal de Xustiza;
- que é importante que os parlamentos rexionais, xunto co Parlamento europeo e os parlamentos nacionais —sobre todo no interior da Conferencia de Órganos Especializados en Asuntos Comunitarios e Europeos (COSAC)—, participen nun futuro Congreso de Parlamentos, así como que colaboren directamente co Parlamento europeo;
- que é necesario revalorizar o papel do Comité das Rexións, en colaboración tamén cos parlamentos rexionais, dotándoo de máis autonomía e eficacia no marco das institucións da UE;
- que están preparados para participar e contribuír á consolidación, nos novos estados membros, dun sistema rexional aberto e democrático capaz de garantir a trasposición lexislativa que leva consigo a aplicación das diferentes políticas.

Aprobada por unanimidade no Parlamento flamengo, o martes 29 de outubro de 2002, en Bruxelas.